

## CIRCULAR INFORMATIVA

Para adaptar a proba da materia Grego II nas PAU 2025 á normativa vixente, sen introducir neste curso demasiados cambios respecto a cursos anteriores, o programa de contidos, o modelo de exame e os criterios de valoración serán os que de seguido se detallan. Para cursos posteriores iranse planificando as modificacións e os axustes necesarios, intentando contar coa colaboración de todo o profesorado de Bacharelato. Tal como se pode ver no modelo de exame concreto publicado na páxina web da CIUG, o o exame consta de catro preguntas, a proba constará de catro preguntas obrigatorias, as dúas primeiras con resposta única e as dúas restantes con posibilidade de elección.

### **PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (5 puntos)**

Proporase un texto para traducir de entre 3/4 liñas en letra de tamaño 12 puntos. Este texto extraeráse dunha selección que se publicará na web da CIUG e que conterá textos de Apolodoro e de Xenofonte escolmados das dúas antoloxías empregadas o curso anterior.

Nesta proba poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Para demostrar que o texto se comprende, o alumno poderá optar por:

#### **a) Traducir o texto**

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

#### **b) Responder en grego cinco cuestións derivadas do mesmo.**

- As preguntas deben ser respondidas con frases completas. De non ser así, aínda que as respostas sexan correctas, serán penalizadas.
- A orde de palabras e de sintagmas na resposta será a que o alumnado considere máis conveniente.

- A forma da resposta debe corresponder coa da pregunta e non coa do texto. Por exemplo, se no texto o verbo está en imperfecto, pero na pregunta está en presente, hai que responder en presente. Hai que evitar que o alumnado responda copiando literalmente unha parte do texto dado.
- O alumnado pode utilizar tamén sinónimos ou construcións que non estean no texto sempre que sexan congruentes e demostren a comprensión.
- A resposta debe utilizar unicamente información do texto.
- Non se penalizarán erros de acentuación
- Os erros gramaticais serán penalizados só se dificultan a comprensión ou faltan gravemente á concordancia.
- As preguntas teñen distintos niveis de dificultade. Cada unha valorarase con **1 punto**.

### **PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (1 punto)**

Pídese a análise morfolóxica e sintáctica dunha parte do texto.

**Análise morfolóxica.** Debe ser completa. Por exemplo, nun sustantivo deberá indicarse número e caso; nun adxectivo xénero, número e caso, nun verbo, persoa, número, tempo, modo e voz.

**Análise sintáctica.** Haberá que identificar tipo de oración: principal ou subordinada e tipo de subordinada. Elementos integrantes da oración (suxeito, predicado, complemento directo, indirecto, circunstancial, predicativo...). Se algún destes elementos está constituído por máis dunha palabra, deberán ser analizados os seus elementos constitutivos.

### **PREGUNTA 3. GREGO E PLURILINGÜISMO. (2 puntos)**

Propóñense seis palabras gregas coa súa tradución, que se extraerán da mesma escolma que se empregou o curso pasado. O alumnado terá que **elixir catro e citar e explicar dous exemplos de vocabulario actual relacionados con cada unha delas**. Por tanto, para acadar a máxima puntuación non abonda só con citar.

### **PREGUNTA 4. A LITERATURA GREGA NOS SEUS TEXTOS. LECTURAS. (2 puntos)**

Propóñense dúas preguntas das que o alumno deberá elixir unha. As preguntas están relacionadas co contido das lecturas obrigatorias, que son as seguintes:

Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e

Anacreonte Sófocles, *Edipo Rei*

Aristófanes, *Asamblea de mulleres*

Para futuros cursos intentarase tamén reorganizar os contidos e o sistema de avaliación deste bloque.

Santiago de Compostela, setembro de 2024

M<sup>a</sup> Teresa Amado Rodríguez

Directora do grupo de traballo